

Colección
«UD. Unidades didácticas»



Comisión Editorial Académica da USC
25 de febreiro de 2011

Xustificación

O Plan de Normalización Lingüística da USC, aprobado en 2002, inclúe entre outros, no ámbito do Persoal Docente e Investigador, o obxectivo específico de “Incrementar progresivamente o uso da lingua galega na función docente respectando, naturalmente, as especificidades derivadas da ensinanza doutras linguas.”

Para satisfacer este obxectivo, propóñense 8 medidas, entre as que salientamos:

- Priorizar a edición de materiais docentes en galego, xa sexan de elaboración propia do profesorado da USC, ou traducións ao galego de textos doutras linguas.

Dende 2007 o Servizo de Normalización Lingüística leva organizado catro edicións do «Obradoiro de elaboración de unidades didácticas», unha proposta da Comisión de Normalización Lingüística de Psicoloxía. Como resultado dos tres primeiros, e en colaboración co Servizo de Publicacións, a través da Vicerreitoría de Cultura, lévase publicado 33 unidades didácticas.

«UD. Unidades didácticas» Potenciación e actualización dunha colección universitaria

Obxectivos específicos

- Facilitar a publicación de materiais e textos de carácter docente por parte do profesorado da USC.
- Facilitarlles aos alumnos o acceso e o uso de materiais didácticos das súas materias.
- Facilitarlles a outros docentes o acceso e uso de materiais didácticos nos que poidan estar interesados, así como a posible colaboración á hora de elaboralos, actualizalos ou completalos.
- Mellorar a calidade formal e lingüística dos materiais docentes que se utilizan na USC.
- Promover o uso público de contidos creados na USC.
- Mirar polo respecto aos dereitos de autor.
- Promover o uso do galego na edición de materiais docentes
- Contribuír á extensión do galego como lingua de docencia universitaria.

Definición da colección

- Publicación de unidades didácticas orixinais que son o resultado final da asistencia aos «Obradoiros de elaboración de unidades didácticas» organizados polo PFID e o SNL, e mais da continuación dese traballo no marco dun proxecto docente.
- Trátase dunha colección en lingua galega, segundo o modelo utilizado ata agora, para publicar no repositorio de contidos da USC <<http://dspace.usc.es/>>, en formato PDF protexido, con ISBN da Universidade. Deste xeito, poderase acceder

libremente ás unidades didácticas, descargalas e/ou imprimilas, incluída a modalidade de impresión dixital que garanta a súa calidade.

- As UD publicaranse baixo unha licenza Creative Commons que asegura asemade o uso público de contidos e os dereitos de autor orixinais. Os autores/as poderán escoller entre as seis licenzas posibles.¹
- Os autores/as recibirán 10 exemplares en papel, impresos a partir da edición electrónica, así como unha copia en formato dixital que poderán usar para o que determinen, incluída a súa utilización na aula virtual. A copia en formato dixital deberá permitir a súa actualización futura para utilización na docencia, aínda que en ningún caso isto poderá dar lugar a novas edicións da mesma UD na colección «UD.Unidades didácticas» da USC.

Procedemento para publicar na colección

1. Poderá publicar nesta colección aquel persoal docente da USC que:
 - Teña ao seu cargo a docencia de, cando menos, unha materia de grao ou pos-grao.
 - Realizara o «Obradoiro de elaboración de unidades didácticas», organizado polo PFID e o SNL.
2. O PDI interesado en publicar na colección deberá presentar no Servizo de Publicacións da USC, logo do remate do dito Obradoiro, un proxecto docente de elaboración de unidades didácticas para unha materia das que imparta.
3. O proxecto deberá acompañarse dun informe do Consello de Departamento correspondente, que avale a idoneidade do proxecto no senso de que o profesor ou profesora é o encargado da impartición da materia e que responde ao programa.
4. Os orixinais achegaranse, respectando a metodoloxía, o procedemento e as características da colección que se imparten no antedito Obradoiro.
5. O autor certificará sempre o carácter orixinal da súa obra.
6. Ás unidades didácticas da Colección «UD. Unidades didácticas» seranlles asignados ISBN da Universidade de Santiago de Compostela e depósito legal.
7. A relación entre o autor e o Servizo de Publicacións rexerese polo contrato abreviado de edición.
8. O Servizo de Publicacións trasladará o orixinal presentado ao Servizo de Normalización Lingüística, que iniciará un proceso de revisión do orixinal contando coa participación do autor/a en canto á súa calidade lingüística e comunicacional. Unha vez rematado este, o SNL devolverá o orixinal ao SP para a súa publicación.

Organización, responsabilidades e financiamento

- A responsabilidade da calidade lingüística da colección recaerá nos seus autores e autoras, que contarán sempre co apoio do Servizo de Normalización Lingüística da USC, o cal se encargará da revisión lingüística e terminolóxica dos textos, conxuntamente co profesor ou profesora.
- A responsabilidade sobre a edición e o axuste ao deseño da colección recaerá no Servizo de Publicacións da USC: tramitación de licenzas e ISBN, coidado da

¹ Vid. <<http://es.creativecommons.org/licencia/>>

maquetación, colocación do orixinal no repositorio dixital, difusión e publicidade a través dos medios habituais.

- O Servizo de Publicacións creará un catálogo específico no que se recolla toda a produción desta Colección para difundila entre os membros da comunidade universitaria.
- O financiamento da maquetingación, así como da edición dos exemplares en papel para os autores e autoras será por conta do Servizo de Normalización Lingüística.